

Checklist do exemplar da tese

Esta é unha guía de axuda, realizada a través dunha listaxe de verificación, que non se incorpora á tese de doutoramento nin á túa Secretaría Virtual (SVA).

Con antelación a que finalice o prazo para a presentación (“**Data fin prevista**” no teu expediente)

COMPROBA NA SECRETARÍA VIRTUAL QUE:

Tes asinado o Compromiso De Supervisión (CDS)	
Cumpres coa data mínima para a presentación da tese	
Superaches todos os complementos formativos	
Todas as túas actividades formativas están avaliadas	
Revisaches as túas avaliacións anuais	
Non estás en situación de baixa temporal	
Formalizaches, sen liquidacións pendentes, a túa matrícula para facer a solicitude de defensa	
Non solicitaches unha defensa anterior. De ser o caso, tes que poñerte en contacto coa EDIUS	
Tes actualizado e aprobado o teu Plan de Investigación e Formación (PIF). De non ser así, cando fagas a solicitude pola SVA tes a posibilidade de solicitalo. Revisa: • Que o idioma da tese de doutoramento coincida co do PIF • Que o título coincida co aprobado no PIF • Que tes unha única liña de investigación adscrita ao tema de estudo da túa tese de doutoramento	

COMPROBA QUE O PDF DA TÚA TESE INCORPORA OS SEGUINTE CONTIDOS:

Resumo. Se o idioma é diferente do español ou galego, ese resumo será en galego de, polo menos, 3.000 palabras.		
Permisos. Cómpre incluír os permisos correspondentes ás figuras, imaxes, táboas e gráficos que non son de elaboración propia e figuran na tese de doutoramento. Terás que engadilos nun anexo ao final da tese.		
Autorizacións. Para teses monográficas con reprodución parcial ou total de publicacións, e teses por compendio de publicacións, é preciso incluír nun anexo ao final da tese a autorización da revista/editorial. No caso de publicacións en acceso aberto, cómpre facer indicación expresa do tipo de licenza e/ou incluír a ligazón á declaración de libre acceso por parte da revista ou editorial.		
Cuberta (ao principio do PDF) segundo modelo da USC		
Portada interna (no idioma da tese de doutoramento) segundo modelo da USC		
Declaración sobre conflito de intereses		
Antecuberta (ao final do PDF) segundo modelo da USC		
Para teses que implican a seres humanos, mostras humanas ou datos de carácter persoal	Copia do informe favorable dun Comité de Ética da Investigación ou número de autorización do proxecto de experimentación ou declaración de que os datos se basean en información anónima e, polo tanto, non se precisa aprobación do devandito Comité	
Para teses que describen un ensaio clínico	Copia da autorización da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios	
Para teses que empregan células troncais humanas, embrionarias ou inducidas	Copia do informe favorable dun Comité de Ética da Investigación ou número de autorización do proxecto de experimentación	
Para teses que inclúen estudos con animais de experimentación	Copia do informe favorable dun Comité de Ética da Investigación ou número de autorización do proxecto de experimentación animal e rexistro do Centro de Usuario Autorizado, se é español	
	Indicación da persoa, empresa ou servizo que levou a cabo o experimento, no seu caso	
	Copia do certificado de capacitación, se os experimentos foron feitos pola persoa doutoranda	

Observacións:

Recoméndase empregar as listas de verificación específicas indicadas no **Anexo II** deste documento para comprobar que se cumpre cos criterios éticos e de calidade necesarios.

COMPROBA QUE A TÚA TESE CONTÉN OS APARTADOS REQUIRIDOS SEGUNDO O TIPO:

1. TESE MONOGRÁFICA		
A estrutura da tese debe conter polo menos, os seguintes apartados. Tes que reflectilos no índice	Resumo	
	Introdución	
	Hipóteses e Obxectivos	
	Metodoloxía xeral	
	Resultados e Discusión	
	Conclusións xerais	
	Bibliografía	
Se a tese monográfica reproduce parcial ou totalmente o contido dunha ou máis publicacións	Anexos, de ser necesarios	
	Ao inicio da tese e referenciada no índice, relación de publicacións seguindo as instrucións do Anexo I deste documento	
	Ao final da tese e referenciadas no índice, autorizacións das revistas/editoriais para a reprodución das publicacións	

2. TESE POR COMPENDIO DE PUBLICACIÓNS

A **estrutura** da tese debe conter polo menos, os seguintes apartados. Tes que reflectilos no índice.

Resumo	
Introdución (na que conste unha xustificación da unidade e coherencia temática e metodolóxica da tese)	
Hipóteses e Obxectivos xerais e específicos que se pretenden acadar, indicando en que contribución científica do compendio se aborda cada un deles	
Metodoloxía xeral (coa descrición das ferramentas metodolóxicas empregadas)	
Resultados: traballos publicados Podes consultar os requisitos destas publicacións no Anexo I deste documento	
Resultados: traballos non publicados (opcional)	
Discusión xeral que dote de coherencia e unidade aos diferentes traballos incluídos na tese de, polo menos, 5.000 palabras	
Conclusións globais da tese	
Bibliografía xeral	
Ao inicio da tese e referenciada no índice, relación de publicacións que a conforman seguindo as instrucións do Anexo I deste documento	
Ao final da tese e referenciadas no índice, autorizacións das revistas/editoriais para a reprodución das publicacións	

ANEXO I - INFORMACIÓN SOBRE A INCORPORACIÓN DAS PUBLICACIÓNS NA TESE

Apartado 1 – Instrucións para referenciar as publicacións dentro da tese

- Título da publicación
- Nomes e filiación de todas as persoas coautoras e a súa orde
- Nome da revista / Libro completo / Capítulo de libro
- Editorial e ISSN / ISBN
- Ano de publicación
- Volume, número, páxinas / Capítulo(s) e páxinas, no caso de libros
- DOI, no caso de publicacións dixitais
- Indicios de calidade, como o factor de impacto da revista (no ano da publicación) e a posición relativa na categoría á que pertenza, entre outros.

Observacións:

Para teses monográficas con reprodución parcial ou total de publicacións é preciso indicar a contribución da persoa doutoranda na publicación, no caso de que existan máis persoas coautoras, e indicar o(s) capítulo(s) da tese nos que se reproducen contidos da publicación.

Apartado 2 – Como incorporar as publicacións á tese

No caso de **teses monográficas que reproducen parcial ou totalmente contidos** dunha ou máis publicacións, non se poderán reproducir literalmente as devanditas contribucións científicas como un ou máis capítulos ou bloques da tese. Ademais, os contidos presentes nestas publicacións científicas que non sexan orixinais da persoa doutoranda só se poderán introducir na tese de forma resumida, co único obxectivo de dotar de comprensibilidade e coherencia ao traballo de investigación persoal desenvolvido pola persoa doutoranda.

No caso de **teses por compendio de publicacións**, a versión íntegra destas contribucións, tanto as publicadas como as aceptadas, estarán recollidas no propio corpo da tese baixo a epígrafe “Resultados: traballos publicados”. No caso de non dispoñer de autorización ou se a contribución foi aceptada pero aínda non foi publicada, indicárase esta circunstancia e utilizarase a versión enviada polas persoas autoras principais antes da publicación ou outra acorde coa política de protección de dereitos de autor, explotación e autoarquivamento da revista/editorial que non contraveña os dereitos de explotación editorial.

Poderanse incorporar, ademais, outros contidos/resultados da investigación realizados pola persoa doutoranda durante a súa etapa doutoral que non fosen obxecto de publicación como un ou máis capítulos baixo a epígrafe “Resultados: traballos non publicados”, e que serán tamén presentados en formato de publicación científica para manter a coherencia na estrutura da tese.

Apartado 3 – Requisitos das publicacións para teses por compendio

- Contar coa aceptación definitiva ou estar xa publicadas.
- Reflectir claramente a adscrición da persoa doutoranda á USC.
- Axustarse ao proxecto de tese recollido no plan de investigación.
- Terse realizado durante o período de elaboración da tese e recollidas no documento de actividades.
- Estar recollidas en publicacións de ámbito e prestixio nacional ou internacional relevantes con revisión anónima por pares, de impacto recoñecido no ámbito científico correspondente. Por exemplo, aquelas incluídas no Journal Citation Reports, JCR, ou Scopus, ou, no caso de que este criterio non sexa aplicable, en bases de datos relacionadas coa súa área. Polo menos unha das publicacións deberá estar no primeiro tercil da súa categoría. Nas grandes áreas de Arte e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas permitirase que as contribucións sexan libros ou capítulos de libro, co selo de calidade en edición académica ou que estean incluídas no Scholarly Publishers Indicators in Humanities and Social Sciences.
- Nos casos de coautoría, é necesario que:
A contribución da persoa doutoranda nas publicacións incluídas no compendio sexa substancial.
Cando a orde das persoas asinantes non sexa a alfabética, a persoa doutoranda sexa a primeira ou segunda asinante.

ANEXO II – Consideracións éticas e criterios de calidade

Recoméndase empregar listas de verificación específicas para comprobar que os estudos cumpren cos criterios éticos e de calidade necesarios nos seguintes casos:

- Investigacións que impliquen a seres humanos, mostras humanas ou datos de carácter persoas
 - Se o estudo é observacional, checklist STROBE.
 - Se non é observacional, lista de adecuación estatística
- Investigacións que describan un ensaio clínico
 - Checklist CONSORT
- Investigacións que empreguen células troncais humanas, embrionarias ou inducidas
 - Lista de adecuación estatística
- Investigacións que inclúan estudos con animais de experimentación
 - Checklist ARRIVE